



CÍRCULO DE SILENCIO POLAS MULLERES MIGRANTES

Rede Social Galicia Sur

#CírculosDeSilencioVigo

6 de marzo

O vindeiro 8 de marzo, en dous días, celebraremos o Día Internacional da Muller dende a reivindicación permanente e a denuncia das violencias machistas e das barreiras heteropatriarcais, visibles e invisibles, que seguen a exercer unha discriminación intolerable sobre máis da metade da poboación.

Por iso, hoxe, queremos enfocar a mirada deste círculo de silencio nun sector da cidadanía que sofre unha triple discriminación, non so por ser mulleres, senón tamén por ser migrantes e por ser persoas empobrecidas. As mulleres, en efecto, representan aproximadamente o 48% dos migrantes internacionais en todo o mundo, é dicir, practicamente a metade do colectivo. E o número non para de aumentar. En España constatouse un incremento significativo nos últimos anos: dende 2017 a 2022, 497.000 mulleres migrantes chegaron a España, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística. Sen embargo, a súa participación no mercado laboral parece estar concentrada, condenada, por falar máis claramente, a certas actividades, como a hostelería, o traballo doméstico e o coidado das persoas dependentes. Certamente, as mulleres seguen a soste a vida, pero non por decisión propia, senón polos prexuízos sociais e porque non se lles ofrecen outras alternativas acordes aos seus intereses e formación. Unha investigación da Rede Acolle amosou que cando menos o 50% das mulleres migrantes que estaban empregadas declararon que o posto que desenvolvían non se axustaba á formación que tiñan. Así, terminan por realizar labores de coidados mal remuneradas en condicións moi precarias, que se intensifican se carecen de papeis, de maneira que resultan máis vulnerables ante os abusos dos seus empregadores.

Diversos informes corroboran que a condición laboral das mulleres migrantes apenas se coñece, pois con frecuencia traballan en sectores da economía somerxida e non se presta atención ás súas demandas nin ás súas preocupacións laborais. Segundo o Informe sobre a Integración Laboral da Inmigración (2022) do Observatorio Español do Racismo e a Xenofobia, preto dun 30% das traballadoras estranxeiras teñen un contrato a tempo parcial, e un 12% traballan a través de contratos “verbais”. E no sector dos coidados mesmo poden chegar a traballar ata 80 horas semanais, a pesar de que o réxime laboral está fixado en 40 horas, por falta de suficiente protección legislativa.

Precisamente por traballar en sectores da economía somerxida a situación das mulleres migrantes en España ten moi pouca visibilidade para o resto da cidadanía, a pesar de que dende o movemento feminista e dende as propias mulleres migrantes autoorganizadas se está a facer unha labor de concienciación nos últimos anos que comeza a callar na poboación, en especial a raíz da pandemia, cando se valorizou o carácter imprescindible deses traballos.

Cómpre denunciar a situación destas mulleres, cómpre apoialas nas súas reivindicacións, cómpre esixir un recoñecemento real e efectivo da súa aportación imprescindible ao sostemento da vida e

dos coidados no ámbito familiar. Para iso é necesaria, en primeiro lugar, a aprobación da ILP para a regularización das persoas migrantes, pola que temos pulado moitos colectivos e ongs de todo o estado e que despois de reunir máis de 700.000 sinaturas e de ter sido admitida o pasado mes de abril para a súa toma en consideración está parada no Congreso dos Deputados sen data para a súa votación definitiva. E, en segundo lugar, desde logo precisamos, como nos lembran dende a coordinadora Regularización Xa, o cumprimento do convenio 189 da OIT sobre os dereitos das traballadoras do fogar e dos coidados, así como unha Inspección de traballo real e efectiva, sobre todo nos casos onde as mulleres traballan en réxime de pernocta.

Por conseguinte, as mulleres migrantes teñen dereito a un traballo e a unha vida digna, á igualdade, á non discriminación e a unha vida libre de violencias. Por iso estamos aquí, porque compartimos as súas demandas, porque apoiamos ás súas reivindicacións e, en definitiva, porque nos sentimos solidarias, solidarios coas súas loitas.